

ELECCIÓN XULLO 2023

–OFICINA DO CENSO ELECTORAL–

SOLICITUDE DE VOTO DOS/DAS ELECTORES/AS TEMPORALMENTE NO ESTRANXEIRO

–FOLLA AUXILIAR–

O impreso que se acompaña a esta folia auxiliar é o modelo de solicitude que o/a elector/a ten que cubrir para solicitar, da delegación provincial da Oficina do Censo Electoral que corresponda, a documentación para exercer o seu dereito de sufraxio por correo desde o estranxeiro nas eleccións que terán lugar o próximo día **23 de xullo**.

QUEN PODE UTILIZAR O PROCEDIMENTO DE VOTACIÓN DOS/DAS ELECTORES/AS TEMPORALMENTE NO ESTRANXEIRO?

Poderán votar mediante este procedemento os/as electores/as que se atopen temporalmente fóra do territorio nacional unha vez efectuada a convocatoria das eleccións, que prevexan permanecer nesta situación ata o día da votación e que figuren inscritos no rexistro de Matrícula Consular como non residentes.

A solicitude e a inscrición no rexistro de Matrícula Consular poden realizarse nun mesmo acto.

Unha vez feita a solicitude do voto por correo, de resultar aceptada, non poderá votar persoalmente.

PROCEDIMENTO DE VOTACIÓN:

A. SOLICITUDE

O impreso de solicitude pode recollerse nas oficinas consulares de carreira ou seccións consulares de embaixada, ou descargarse de maneira telemática da web do Ministerio do Interior www.infoelectoral.interior.gob.es ou do Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación www.exteriores.gob.es

A solicitude deberá dirixirse á delegación da Oficina do Censo Electoral da provincia onde o/a elector/a figura inscrito/a no censo electoral.

B. LUGAR DE PRESENTACIÓN

A solicitude cuberta e asinada debe entregarse persoalmente na Oficina Consular de Carreira ou Sección Consular de Embaixada. O funcionario consular esixiralle ao/á elector/a súa identificación mediante a exhibición do seu documento de identidade ou pasaporte, verificando a súa inscrición no Rexistro de Matrícula Consular como non residente, así como a coincidencia da sinatura.

A Oficina Consular de Carreira ou Sección Consular de Embaixada remitiralle a solicitude de maneira inmediata á delegación provincial da oficina do Censo Electoral correspondente.

C. PRAZO PARA SOLICITAR O VOTO POR CORREO

Pódese solicitar a partir da data de convocatoria e **ata o día 24 de xuño**.

Con todo, recoméndase que **formule a petición canto antes**.

D. ENVÍO DA DOCUMENTACIÓN PARA O VOTO POR CORREO

A delegación provincial da Oficina do Censo Electoral correspondente iniciará o envío da documentación electoral o día 3 de xullo. O envío farase ao domicilio indicado por Vde. na solicitude e ao seu nome.

O aviso de recibo acreditativo da recepción da citada documentación deberá ser asinado persoalmente pola persoa interesada, logo de acreditación da súa identidade.

E. PRAZO PARA REMITIR O VOTO POR CORREO

O voto débese remitir por correo certificado non máis tarde do día 19 de xullo.